

SUSANNA ISERN

BENEDETTA SALA

NA  
BUSCA   
DE CAPI

A familia Capibara comeza unha viaxe  
para visitar os seus parentes.

Ao pouco de saír, a pequena Capi distraése  
perseguido unha enorme bolboreta e pérdese.

Mamá Capibara, Papá, o avó e Coco  
axudarán nunha busca que lles traerá  
máis dunha sorpresa.

NA BUSCA DE CAPI



SUSANNA ISERN

BENEDETTA SALA



nubeOCHO

ISBN: 979-13-88132-11-7 www.nubeocho.com







## Na busca de Capi

Colección Somos8

© do texto: Susanna Isern, 2026

© das ilustracións: Benedetta Sala, 2026

© da edición: NubeOcho, 2026

© da tradución: Iria Carballo, 2026

www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *En busca de Capi*

Primeira edición: Abril, 2026

ISBN: 979-13-88132-11-7


Depósito Legal: M-6658-2026

Impreso en Portugal.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

# NA BUSCA DE CAPI

Susanna Isern    Benedetta Sala



A familia Capibara anda choupando no gran pantano. Mamá e Papá mergúllanse na auga, mentres o avó bota unha soneca. Capi é a máis pequena e falcatrueira. Ás veces molesta o seu irmán maior, Coco, agochándolle as súas pólas favoritas.



Unha mañá Mamá Capibara dilles:  
—Hoxe imos ir visitar os primos  
ao pantano alén da montaña.



Coco e Capi saltan de alegría e empezan  
a preparar as súas cousas para a viaxe.



O traxecto para chegar ao outro lado da montaña é longo e Papá Capibara advírtelles aos pequenos:

—Imos ir en fila e sen separarnos.  
Se un se perde, o mellor é que non se mova e quede no mesmo sitio.





A familia Capibara emprende a viaxe.  
Capi camiña máis amodo e vai de última.

É a primeira vez que sae do seu pantano e todo lle chama a atención. Enreda buscando pedras, mirando as plantas e charlando cos esquíos.

De súpeto, a bolboreta máis grande que viu na súa vida  
crúzase no seu camiño. A pequena capibara queda fascinada.  
Sen pensalo dúas veces, bota a correr detrás dela.

